

**PRISMAS**  
**CASA DAS CIENCIAS**  
**Á DIVULGACIÓN**

**XXXIX CONVOCATORIA**  
**A CORUÑA, 2026**



# PRESENTACIÓN

É un pracer dar conta dunha nova edición dos Premios Prismas Casa das Ciencias á Divulgación, unha cita xa consolidada que sitúa A Coruña como un referente no impulso do coñecemento científico e da súa transmisión á sociedade.

A nosa cidade leva décadas apostando pola cultura científica como motor de progreso, cohesión e pensamento crítico. Espazos como a Casa das Ciencias, a Domus ou o Aquarium Finisterrae son exemplos vivos dunha identidade que entende a ciencia non só como un ámbito académico senón como unha ferramenta esencial para comprender o mundo e mellorar a vida das persoas.

Nesta XXXIX edición dos Prismas, recoñécese o esforzo de quen traballa por achegar as ciencias físicas e naturais ao público xeral, desde múltiples formatos e linguaxes. Nun tempo no que a información é abundante pero non sempre rigorosa, a divulgación científica convértese nun pilar fundamental para construír unha cidadanía informada, libre e responsable.

Como se lle atribúe a Marie Curie — primeira muller en recibir un Premio Nobel —, nunha cita recollida en 1923 polo seu esposo, Pierre Curie: «Nada na vida debe ser temido, senón comprendido. Agora é o momento de comprender máis, para temer menos». Unha reflexión fundamente

ligada á ciencia mais con ela, tamén, a unha maneira de construír a sociedade. A mesma que promulgamos dende A Coruña coa nosa rede de museos para fomentar a divulgación especialmente nas xeracións máis mozas. Para que non teñan medo do mundo senón para continuar alentando a súa curiosidade que é o principal atributo científico.

Con este premio recoñecemos, pois, a quen desde diferentes medios e soportes, seguen contribuíndo non á desinformación nin ao medo, senón á necesidade de comprender para avanzar cara a unha sociedade máis libre, crítica e en paz.

Desde o Concello da Coruña queremos expresar o noso recoñecemento a todas as persoas candidatas así como ás entidades e profesionais que fan posible este certame. Grazas ao voso traballo, a ciencia segue a ocupar o lugar que merece na nosa sociedade.

Inés Rey García  
Alcaldesa da Coruña

# **PRISMAS CASA DAS CIENCIAS Á DIVULGACIÓN 2026**

## **BASES DA CONVOCATORIA**

### **PREMIOS**

Concederanse os Prismas de Bronce aos mellores traballos de divulgación científica nas modalidades de vídeo, novos medios, proxectos de divulgación sobre a auga no medio urbano, artigo xornalístico, radio, proxectos singulares e libro editado. O Xurado outorgará ademais un Prisma Especial a persoas ou institucións que se significaron pola súa especial contribución á divulgación científica.

Os premios nas oito modalidades teñen as dotacións e están suxeitos ás condicións que se especifican en cada caso. Os premios quedarán sometidos ás retencións fiscais conforme á lexislación vixente.

Non se poderá presentar o mesmo traballo en diferentes categorías. Os premios non poderán ser distribuídos entre dúas ou máis candidaturas, pero o Xurado poderá declaralos desertos. No caso de que se presente un traballo realizado por varias persoas autoras, entenderase que a presentación é conxunta, e o importe do premio repartirase entre eles en partes iguais.

### **BASES REGULADORAS**

Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo concello da Coruña e os seus

organismos públicos, aprobada polo Pleno Municipal en sesión celebrada o 6 de xuño de 2024 (BOP de 16 de agosto de 2024).

## **ENTREGA DE PREMIOS**

Os Prismas entregaranse no transcurso dun acto que terá lugar na Coruña o sábado 14 de novembro de 2026.

A Organización correrá cos gastos de participación nos actos de entrega dunha soa persoa, en representación de cada modalidade. No caso de que as persoas galardoadas non residan en España, os gastos de participación aplicaranse aos desprazamentos e aloxamentos necesarios dentro do territorio español.

## **XURADO**

Os Prismas outorgaranse por votación dun Xurado de polo menos cinco membros, nomeados por Resolución do Concelleiro de Cultura e Turismo, polo menos un mes antes do día da entrega de premios entre persoas de recoñecido prestixio no campo da divulgación científica, o xornalismo científico ou o ensino das ciencias.

A Alcaldesa da Coruña, ou persoa en quen delegue, presidirá o Xurado, e actuará como Secretario o xefe de servizo dos Museos Científicos Coruñeses. Corresponde á presidencia do Xurado dirixir e ordenar as deliberacións e votacións, sendo depositario, en caso de empate, do voto de calidade. O secretario velará polo cumprimento destas bases.

- As deliberacións do Xurado serán se-

cretas.

- Os veredictos do Xurado serán inapelables.

Para a concesión dos premios, o Xurado valorará os traballos conforme aos seguintes criterios:

- Que demostren rigor científico e un adecuado estilo educativo.

- Que comuniquen de forma clara e sinxela temas científicos de interese e de actualidade.

- Que posúan capacidade de divulgación e creatividade para comunicar a ciencia.

## **ORGANIZACIÓN**

A Organización corre da conta dos Museos Científicos Coruñeses do Concello da Coruña. Un comité de selección, que traballará baixo a responsabilidade da Organización, axudará a establecer os niveis mínimos de calidade en cada categoría e asistirá ao Xurado cando este o solicite. A presentación de candidaturas supón a conformidade das persoas participantes coas bases. Calquera cuestión non recollida nelas resolverase a discreción pola Organización. As persoas participantes comprométense a xustificar a veracidade dos datos que faciliten sobre as candidaturas presentadas.

Os premios entregaranse á persoa física ou representante que figure como candidato ou candidata na presentación da solicitude de participación na convocatoria.

As persoas galardoadas participarán nos actos organizados con motivo da entrega de premios segundo lles sexa solicitado pola Organización.

Non poderán ser premiados aqueles traballos realizados polo persoal dos Museos Científicos Coruñeses ou o Concello da Coruña.

## **CONTIDO**

Os traballos presentados como candidatos aos premios versarán sobre calquera tema en relación coas ciencias físicas e naturais, tanto nos seus aspectos xerais, como en calquera das súas ramas ou aplicacións prácticas. Os traballos, actividades e iniciativas obxecto de candidatura deberán estar dirixidos ao público en xeral, excluíndose os destinados a especialistas.

## **AUTORÍA**

As persoas participantes garantirán que son os lexítimos autores ou autoras dos traballos presentados; que ostentan os dereitos de propiedade intelectual requiridos para a presentación dos traballos con todos os seus elementos (noticias, artigos, reportaxes ou pezas informativas, imaxes, son, bandas sonoras, etc.) no presente certame; e que a presentación dos mesmos non vulnera os dereitos de terceiros.

Así mesmo, as persoas participantes fanse responsables das reclamacións que en calquera momento puidesen formularse sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade dos dereitos, todo iso conforme á normativa vixente de

propiedade intelectual.

O Concello da Coruña non se fai responsable dos prexuízos que puidese ocasionar o incumprimento da anterior garantía, podendo exercitar as accións legais oportunas con vistas a reparar os danos e quebrantos ocasionados.

**Non se farán públicos os nomes das persoas participantes non premiadas.**

## **PRESENTACIÓN**

A presentación de traballos para todas as modalidades poderá realizarse a partir do 1 de maio de 2026, finalizando o prazo de presentación o 1 de xuño de 2026.

Cada candidatura irá acompañada dunha ficha de participación que será enviada por correo electrónico a:

**premios@casaciencias.org**, indicando no asunto do correo «XXXIX Convocatoria Prismas».

Para máis información:

Teléfono: (+34) 981 189 842

Correo electrónico:

premios@casaciencias.org

Internet:

**[www.coruna.gal/mc2/gl/prismas](http://www.coruna.gal/mc2/gl/prismas)**

No caso de que algunha candidatura presentada dentro de prazo requirise aportar ou subsanar documentación, será posible facelo nun prazo máximo dunha semana tralo peche do prazo de

presentación. De non ser así, considerarase que se desiste na presentación da candidatura.

# **PRISMA A VÍDEO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Ao mellor traballo en vídeo de divulgación científica entre todos os presentados, Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán optar a este Prisma documentais ou programas de televisión cuxa primeira exhibición pública tivese lugar entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026. No caso de producións por capítulos, poderanse presentar un máximo de dous episodios, cada un deles mediante a súa correspondente ficha de participación. Todos os traballos serán orixinais e deberán presentarse mediante unha ligazón para a súa descarga que se incluírá na ficha de participación.

Os vídeos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución dos contidos correspondentes a un destes dous idiomas, ou unha versión con subtítulos en castelán ou galego.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

### **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

1. Para a súa exhibición pública durante a celebración da entrega de premios, os

audiovisuais poderán ser dobrados ou subtitulados.

2. As copias presentadas quedarán en propiedade da Organización, e poderán ser proxectadas de forma gratuíta nos Museos Científicos Coruñeses. Non se transferirán a persoas ou entidades alleas á Organización, salvo autorización expresa dos titulares dos dereitos de autor.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA A NOVOS MEDIOS**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Ao mellor traballo en novos medios (sitio web, canle en redes sociais, blog, etc.) adicado á divulgación científica, Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán optar ao Prisma os novos medios en activo entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026, e deberán estar dispoñibles para ser consultados en liña, debendo comunicarse calquera cambio de enderezo web posterior ao fin do prazo de presentación de candidaturas.

No caso de traballos por entradas (canles de YouTube, blogs, etc.), as candidaturas constarán dunha única ficha de participación na que deberán explicitar un máximo de dúas entradas concretas publicadas entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026 como representativas do conxunto do traballo presentado.

Os traballos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución dos contidos correspondentes a un destes dous idiomas.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA A PROXECTO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA SOBRE A AUGA NO MEDIO URBANO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Ao mellor proxecto de divulgación científica sobre a auga no medio urbano, Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán ser candidatos os proxectos que acheguen ao público aspectos científicos e tecnolóxicos sobre os sistemas de auga urbana e a necesidade de compatibilizar a dispoñibilidade de auga potable coa conservación da contorna que produciran resultados entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026, ou finalicen no ano en curso a súa execución. Valorarase o impacto social, a orixinalidade e a calidade na súa execución.

Nos proxectos realizados en idioma distintos a castelán ou galego incluírase unha tradución en calquera destes dous idiomas.

Debe cumprimentarse a ficha de participación, que se presentará acompañada dun máximo de 20 páxinas de documentación acreditativa dos méritos alegados. Esta documentación poderá presentarse en formato PDF, con tipo de letra Helvetica

ou Arial, de tamaño 14 e interliñado sinxelo. Tamén poderá achegarse o documento audiovisual que se considere conveniente, pero non poderá superar os cinco minutos de duración. Toda a documentación presentárase nun único envío por correo electrónico ou mediante ligazón para a súa descarga.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

## **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

Os traballos presentáranse pola propia persoa ou persoas autoras, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daquelas para representalas.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA A ARTIGO XORNALÍSTICO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Ao mellor artigo xornalístico de divulgación científica publicado nun medio de comunicación, que se outorgará á persoa autora e consistirá nun Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán optar ao Prisma os artigos xornalísticos publicados entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026.

Os artigos escritos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución correspondente nun destes dous idiomas.

Presentarase unha ficha de participación por cada artigo, ata un máximo de dous por cada autor ou autora.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

### **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

Os traballos presentaranse en formato PDF, por correo electrónico ou mediante ligazón para a súa descarga, ben polas propias persoas autoras, ou por calquera

persoa ou entidade que asegure o consentimento daquelas. Só se admitirán dous artigos como máximo por autor/a.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA A TRABALLO EN RADIO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Á mellor peza (episodio dun programa, noticia, entrevista...) de radio de divulgación científica, que se outorgará á persoa autora e consistirá nun Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán optar ao Prisma a persoa ou persoas autoras de pezas radiofónicas emitidas entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026 sobre un tema científico ou tecnolóxico, que foran difundidos por unha emisora de radio ou podcast. Cada peza considerárase como unha candidatura independente, non podendo presentarse máis de dous por cada autor ou autora.

Os programas emitidos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución correspondente nun destes dous idiomas.

Os traballos serán orixinais e deberán presentarse en formato dixital, mediante unha ligazón para a súa descarga.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

## **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

Os traballos presentaranse pola propia persoa ou persoas autoras, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daquelas.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA PROXECTO SINGULAR**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Á persoa, colectivo ou institución galar-dada que recibirá un Prisma de Bronce e catro mil euros (4.000 euros).

### **CONDICIÓNS**

Poderán ser candidatos os proxectos singulares de divulgación científica que produciran resultados entre entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026, ou finalicen no ano en curso a súa execución. Deberán demostrar unha ampla e diversa participación cidadá, referíndose o carácter singular á diversidade ou novidade dos medios empregados para a súa execución.

Nos proxectos realizados en idioma distinto ao castelán ou ao galego se incluírá a tradución nun destes dous idiomas.

Deberase cumprimentar a ficha de participación, que se presentará acompañada dun máximo de 20 páxinas de documentación acreditativa dos méritos alegados. Esta documentación deberá presentarse en formato PDF, con tipo de letra Helvética ou Arial, de tamaño 14 e interliñado sinxelo. Tamén poderá achegarse o documento audiovisual que se considere conveniente, pero non poderá superar os cinco minu-

tos de duración. Toda a documentación presentárase nun único envío por correo electrónico ou mediante ligazón para a súa descarga.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

## **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

Os traballos presentaranse pola propia persoa ou persoas autoras, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daquelas para representalas

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA A LIBRO EDITADO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Ao mellor libro de divulgación científica publicado e distribuído en España entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026, que se outorgará á editorial e consistirá nun Prisma de Bronce.

### **CONDICIÓNS**

Poderán optar todos os libros cuxa primeira edición en España se fixera entre o 1 de maio de 2025 e o 1 de maio de 2026.

Non se admitirán libros impresos mediante procedementos de autoedición.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

### **OUTRAS CIRCUNSTANCIAS**

Os libros poderán ser presentados polas editoriais ou polas persoas autoras, que enviarán dous exemplares. Eses exemplares pasarán a formar parte dos fondos documentais dos Museos Científicos Coruñeses.

Puntualmente, a organización dos premios poderá solicitar ata 5 exemplares máis do libro a fin de que poida ser valorado polas persoas que forman parte do Xurado.

A dirección para o envío dos exemplares dos libros é:

XXXIX CONVOCATORIA  
Prismas Casa das Ciencias á Divulgación  
Aquarium Finisterrae  
Paseo Alcalde Francisco Vázquez, 34.  
15002 A Coruña  
España

As fichas de participación deberanse enviar por correo electrónico ó enderezo:  
**[premios@casaciencias.org](mailto:premios@casaciencias.org)**

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.

# **PRISMA ESPECIAL DO XURADO**

## **BASES ESPECÍFICAS**

### **PREMIO**

Á persoa ou institución galardoada, que recibirá un Prisma de Bronce.

### **CONDICIÓNS**

Poderán ser candidatas as persoas físicas ou xurídicas que se significaron pola súa contribución singular á divulgación científica e que desenvolvan a súa actividade en España.

As candidaturas non poderán ser presentadas polas propias persoas interesadas, senón que deberán ser propostas por universidades; reais academias; colexios profesionais; organismos e empresas públicas; museos; planetarios; acuarios; xardíns botánicos e zoolóxicos; centros de investigación; fundacións; medios de comunicación; e outras entidades públicas e privadas, así como polo propio Xurado.

A candidatura precisa da dispoñibilidade da persoa física ou xurídica que se presenta como candidata para asistir e recoller o premio na cerimonia de entrega, salvo excepción por causa de forza maior.

Deberase cumprimentar a ficha de participación, que se presentará acompañada dun máximo de 20 páxinas de documen-

tación acreditativa dos méritos alegados.

Esta documentación poderá presentarse por correo electrónico en formato PDF con tipo de letra Helvética ou Arial, de tamaño 14 e interliñado sinxelo.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 1 de maio ao 1 de xuño de 2026.